

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º DE ESO A E B
PLAN DE TRABALLO PARA A SEMANA DO 20 AO 25 DE ABRIL

Isto é o que tes que facer durante esta semana

- ✚ O seguinte texto está relacionado co tema 1 (A vida na Terra). Le o texto atentamente:

Por que hai vida na Terra

Polo que sabemos a agora, a Terra é o único planeta do sistema solar no que hai vida. Esta desenvólvese nunha delgada franxa que comprende a parte inferior da atmosfera, a hidrosfera e a parte máis superficial da xeosfera.

A vida foi posible no noso planeta, principalmente grazas a que:

A Terra ten auga, case toda en estado líquido. A auga líquida forma parte dos seres vivos e, polas súas propiedades, é imprescindible para a vida.

A Terra ten unha atmosfera que lles proporciona aos organismos gases, coma o osíxeno ou o dióxido de carbono, que interveñen en distintos procesos vitais (a respiración, a fotosíntese....).

A atmosfera, ademais, **protexe** a superficie terrestre dalgunhas radiacións solares prexudiciais e retén **parte da calor** do Sol, evitando que a temperatura descenda en exceso pola noite.

A Terra ten temperaturas moderadas. A distancia á que se encontra do Sol e a presenza da atmosfera permiten que na superficie terrestre haxa unha **temperatura adecuada para a vida**: nin demasiado elevada- o que evaporaría toda a auga líquida – nin demasiado baixa- o que a conxelaría.

- ✚ Agora traballa coa lectura:

- 1.- Fai un resumo das características que fan posible a existencia de vida no noso planeta.
- 2.- Existen características similares noutros planetas do sistema solar?

✚ Le agora a seguinte frase:

O científico británico James Lovelock afirma que o cambio climático acabará con gran parte da vida na Terra durante o presente século.

3.- Busca información sobre o cambio climático e contesta ás seguintes preguntas:

- a) En que consiste o cambio climático?
- b) Por que afirma Lovelock que o cambio climático acabará con gran parte da vida do noso planeta?
- c) Que cres que podes facer para frear o cambio climático?

✚ Observa a ilustración. Imaxina que é do monitor do teu ordenador e que ti es un dos controladores dun robot que está explorando Marte. A partir da fotografía e dos e dos datos que o robot enviou ao teu ordenador, escribe un informe sobre a posibilidade de que en Marte haxa vida.

M.A.R.I (Módulo Autónomo de Recoñecemento Intelixente)



Datos na superficie
Lugar: Tharsis (Marte)
Distancia ao Sol: 227 990 000 km
Composición da atmosfera:
Dióxido de carbono: 95,3%
Nitróxeno: 2,7%
Osíxeno: 0,13%
Vapor de auga: 0,03%
Outros gases: 1,84%
Presión atmosférica: 0,007 mb
Valor de referencia: (Terra): 1 000 mb
Presencia de auga líquida: non
Concentracións variables de xeo baixo a superficie.
Temperatura media: - 63 ° C

4.- A partir da fotografía e dos datos que o robot enviou ao teu ordenador, escribe un informe sobre a posibilidade de que en Marte haxa vida.